





# Ruta Dos Carranos

**Lonxitude total: 8,14 quilómetros**
**Tempo estimado: 180 minutos**
**Dificultade: Fácil**

**PR-G 95**




SERRADOIRO DOS CARRANOS
CONCELLO DE COVELO

ORTOFOTOGRAFÍA: Dirección General del Instituto Geográfico Nacional

Pacus comunicación

## sendeirismo

**Longitude total: 8,4 quilómetros**
**Tempo estimado: 180 minutos**
**Dificultade: Fácil**



**O conxunto do serradoiro, consta de catro edificacións, o serradoiro propiamente dito, un sequeiro e almacén de madeira, unha pequena forxa e un pequeno almacén.**

**A dedicación principal deste conxunto era a fabricación de carros, dedicación á que debe ó nome o serradoiro e razón pola cal podemos atopar unha forxa, xa que os ferraxes para estes carros tamén se forxaban aquí. O serradoiro recibe auga do Regato de Vixiáns, no cal se construíu unha pequena presa para facilatar s a recollida da auga.**

A ruta dos Carranos é un pequeno paseo pola natureza con centos de encantos que se concentran ao longo do percorrido.

No seu comezo na reitoral de Fofe dá ao paseante unha bonita panorámica do val que máis adiante o acollerá no seu interior.

Tramos con bosque de ribeira, e en case todo o percorrido acompañado polo río de cristalinas augas por onde se pode ver, cun pouco de sorte, a gracil lontra (*Lutra lutra*), a ruta dos Carranos pode ser un paseo para estar en pleno contacto coa natureza como unha procura refrescante de sensacións pracenteiras, tanto pola praia fluvial de Maceira, onde é punto de retorno, como a frondosidade arbórea que acouga os días calorosos de verán.

O serradoiro acolle unha aula da natureza e do patrimonio etnográfico con información sobre a riqueza natural e patrimonial do Concello de Covelo.

Construído en 1922 e rehabilitado recentemente,



### Avelaiona común
*Strix aluco*



### Carballo
*Quercus robur*

atópase en perfecto estado, como para apreciar o esplendor de tan singular construcción que cumpría unha importante función social e económica na zona.

De pouca dificultade, a ruta catalogada de pequeno percorrido PR-G 95, pode ocupar unhas horas en familia para gozar da contorna con innumerables sobreiras (*Quercus ruber*) que atópanse diseminadas polo camiño, dentro dun fin de semana tranquilo, descubrindo recunchos moi ben coidados da xeografía da Paradanta.

Por toda a ruta pódense ver marcas e fitos normativizados de PR que van levando ao visitante cara a boa



### Praia fluvial
*Parroquia de Maceira*

dirección, polo que non ten que haber problemas de orientación, aínda que o folleto inclúe unha ilustración tridimensional para indicar todo o percorrido.

Recoméndase calzado adecuado.

Ruta
# Dos Carranos
PR-G 95

# Concello de Covelo
PR-G 95

"A maxia dun destino"
www.riasbaixas.org



Covelo Núcleo de Sostibilidade

Concello de Covelo
www.concellodecovelo.es

Rías Baixas Turismo
www.riasbaixas.org